

**ANEXO IV
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, PARA OS GASTOS DE TEMPORADA 2019-2020

D./Dª con DNI
na condición de representante legal da entidade con
NIF

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

- Que a entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que coñezo e acepto as bases da presente convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.
- Que a entidade que represento, cumpre todos os requisitos e obrigas da convocatoria para poder participar no procedemento de concesión de subvencións a entidades e clubs deportivos, ano 2020 polo que ten a condición de beneficiaria.
- Que a entidade que represento: (marque o que proceda)
 - Si está asumindo o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE) por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
 - NON está asumindo o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE) por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- Que a entidade á que represento non é debedora por resolución de procedencia de reintegro no momento da sinatura da presente declaración. E que me comprometo a manter o cumprimento da devandita obriga durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.
- Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación subvencións anteriores coa Excm. Deputación Provincial de Lugo.
- Que os estatutos da entidade foron presentados na anualidade ante a Área de da Deputación de Lugo.
- Que dende a data indicada da súa presentación non sufriron modificacións nin actualizacións, atopándose en vigor na actualidade.
- Que a entidade a que represento:
 - NON solicitou nin lle foi concedida ningunha outra subvención ou axuda doutras administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma actuación subvencionable.
 - SI, ten axudas ou subvencións solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para a mesma actuación subvencionable, segundo a seguinte táboa:

CONCEPTO (marque cunha cruz "X")		ENTIDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU A AXUDA OU SUBVENCIÓN	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

TOTAL AXUDAS OU SUBVENCIÓNS €

10. Outros patrocinios sen achegas económicas doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, tal como figura na seguinte relación detallada dos patrocinios (sen achegas económicas) obtidos para o mesmo obxecto ou actividade:

PATROCINIO DE	EN CONCEPTO DE

11. Que a entidade que represento se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, no momento da sinatura da presente declaración. E que se compromete a manter o cumprimento das anteditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.

E para que así conste para os efectos oportunos, expido a presente declaración responsable

a de de 2020

Asdo:

O/A representante legal